

**Expediente M5C/2016 de modificación de Subvenciones nominativas
do Orzamento de 2016.**



Expediente M5/2016 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de créditos, modificación dos Anexos de Investimentos e de Subvencións nominativas do Orzamento 2016

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que ten por finalidades: a realización dun gasto específico e determinado cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, sendo insuficiente o crédito orzamentario no presente exercicio; a modificación do anexo de investimentos; e a modificación do anexo de subvencións nominativas. É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Trátase dun suplemento de crédito, un cambio de denominación dun dos proxectos de investimento, así como uns cambios de beneficiarios e de finalidades en dúas subvencións nominativas das previstas no orzamento, polo que a súa aprobación compete ao Pleno do Concello.

En primeiro lugar, propónse un suplemento de crédito da área de Xustiza Social e Coidados, por importe de 15.000,00€ na aplicación 51.231.480.50, de convenios nominativos, para incrementar a cantidade de subvención nominativa á Fundación Hermanos Tenreiro, coa finalidade de contribuír aos gastos de funcionamento e mantemento da entidade por importe de 15.000,00€. O financiamento do suplemento de crédito lévase a cabo coa baixa por anulación de crédito na partida destinada a programas sociais.

En segundo lugar, propónse unha modificación no Anexo de Investimentos da área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, para modificar a denominación do proxecto nº de orde 36, do Anexo de Investimentos 2016, no sentido de destinar os 700.000,00€ da aplicación 30.151.60005 "Adquisición de terreos", proxecto "Expropiacións Intermodal" a un proxecto que se denomine "Adquisición de Chan. Actuacións varias", polo mesmo importe, na mesma aplicación e co mesmo financiamento.

Por último, propóñense as seguintes modificacións no Anexo de Subvencións nominativas da área de Cultura e Deportes:

- Supresión da subvención nominativa, incluída no Orzamento 2016, destinada ao Club Balonmán Coruña, por renuncia do Club á firma do convenio. Importe 3.000,00€, destinando dita cantidade a unha nova subvención nominativa a Alberto Seoane Alcaraz, para contribuír ao financiamento dos gastos de preparación, clasificación e participación nos Xogos Paralímpicos de Río 2016.
- Modificación do obxecto da subvención nominativa da que é perceptor o Club do Mar San Amaro, por importe de 15.000,00€. A finalidade aprobada no orzamento 2016 era "Fomento das actividades de submarinismo e pesca submarina", a denominación que se propón é "Fomento das actividades de submarinismo, pesca, tenis de mesa, bádminton e fútbol sala".

II.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2016 (M5/2016), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	15.000,00
---	------------------------	-----------

	TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS (a):	15.000,00
--	--------------------------------------	-----------

MINORACIONES NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS POR ANULACIÓN	- 15.000,00
---	----------------------	-------------

	TOTAL MINORACIONES ESTADO GASTOS (b):	-15.000,00
--	---------------------------------------	------------

	VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS (a - b)	0,00
--	--	------

	VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	0,00
--	---------------------------------------	------



DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPITULOS DE GASTO

CAPITULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	-15.000,00
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	15.000,00
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		0,00
CAPITULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00
TOTAL		0,00


DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE INGRESO

CAPITULO		IMPORTE
I	Impostos directos	0,00
II	Impostos indirectos	0,00
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos patrimoniais	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		0,00

CAPITULO		IMPORTE
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00
TOTAL		0,00

Trámítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 26 de outubro de 2016.

O ALCALDE, PD, 
Concelleira de Facenda e Administración,
(Decreto delegación 13/06/2015),



Expediente M5C/2016 de modificación de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016.

Informe proposta


A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2016 remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito. Respecto das baixas por anulación aparecen reguladas nos art. 49 e ss. do RD 500/1990.

En M5C/2016 propónse a modificación do Anexo de Subvencións Nominativas a iniciativa do Servizo de Deportes e Mocidade. Estas modificacións consisten en:

- Supresión da subvención nominativa, incluída no Orzamento 2016, destinada ao Club Balonmano Coruña, por renuncia do Club á firma do convenio. Importe 3.000,00€.
- Destinar os 3.000,00€ (que quedarían na aplicación se se suprime a subvención nominativa ao Club Balonmano Coruña), a unha nova subvención nominativa a Alberto Seoane Alcaraz, para contribuír ao financiamento dos gastos de preparación, clasificación e participación nos Xogos Paralímpicos de Rio 2016.
- Modificación do obxecto da subvención nominativa cuxo perceptor é o Club del Mar San Amaro, por importe de 15.000,00€. A finalidade aprobada no orzamento 2016 era "Fomento das actividades de submarinismo e pesca submarina", a denominación que se propón é "Fomento das actividades de submarinismo, pesca, tenis de mesa, bádminton e fútbol sala".

De acordo coa Base 11ª A) 3, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas que se aproba xunto co Orzamento, debe ser aprobada polo Pleno da Corporación, supoña ou non modificación orzamentaria.

II. O expediente de modificación das Anexo Subvencións nominativas do orzamento 2016 que se somete ao Excmo. Concello Pleno, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente. Na devandita Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.



O expediente M5/2016 de modificación do Orzamento de 2016 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Facenda e Administración someterase a aprobación polo Pleno. Na devandita Comisión, os membros da mesma, votan a favor de dividir o expediente M5/2016 en tres expedientes. Por elo, sométese a aprobación polo Pleno da Corporación o expediente M5C/2016. Unha vez producida a aprobación inicial polo Pleno, por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de expoñerse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ente o propio Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP, entrando en vigor unha vez efectuada dita publicación.

III. Conforme á normativa citada, e se V.E. considérao oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios e outras modificacións do anexo de subvencións nominativas que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M5C/2016. Modificacións do Anexo de subvencións nominativas".



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M5C/2016
PLENO

2. Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, 2 de novembro de 2016

Xefa de Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos,



Betén Blanco de Azpiazu

Conforme,
Director de Economía, Facenda e
Administración,



Eduardo Mera Rico

Vº e pr,
Concelleira de Facenda e Administración,



Mª Eugenia Vieito Blanco

Expediente M5C/2016
Modificacións do Anexo de Subvencións Nominativas

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO	DEPORTE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE TRANSFERENCIAS. MODIFICACIÓN DA FINALIDADE	50.341 .489.50	Convenios nominativos	0,00		Modificación do obxecto do convenio co Club del Mar de San Amaro, CIF G15057870, por importe de 15.000€. Substitúese a finalidade "Fomento das actividades de submarinismo e pesca submarina" pola seguinte: <i>"Fomento das actividades de submarinismo, pesca, tenis de mesa, bádminton e fútbol sala"</i>
CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO	DEPORTE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE TRANSFERENCIAS. NOVO CONVENIO	50.341 .489.50	Convenios nominativos	3.000,00		Novo convenio con Alberto Seoane Alcaraz, con NIF 47374547K, para "Contribuír ao financiamento dos gastos de preparación, clasificación e participación nos Xogos Paralímpicos de Río 2016"
CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO	DEPORTE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE TRANSFERENCIAS. SUPRESIÓN DE CONVENIO	50.341 .489.50	Convenios nominativos	-3.000,00		Supresión do Convenio co Club balonmano Coruña, CIF G15108780, para "Fomentar as escolas deportivas de balonmán feminino", por renuncia do Club á firma do convenio



EXPEDIENTE M5/2016 DE CONCESIÓN DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO, DUNHA BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITO, E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS E DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS, DE COMPETENCIA PLENARIA, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2016.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M5/2016 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos, e baixas por anulación nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2016, aprobadas pola Corporación xunto co mesmo, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada "Dos créditos e as súas modificacións", artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2016, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME:

I.- Antecedentes.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión dun suplemento de crédito por importe de 15 miles de €, co obxecto de aumentar una subvención nominativa a favor da Fundación Hermanos Tenreiro, e dunha baixa de crédito por anulación polo mesmo importe para financiar o anterior.

Tamén supón unha modificación de competencia plenaria, por así prevelo as bases de execución, do anexo de investimento e de subvencions nominativas, pero que en si mesmo non implica ningunha modificación do estado de gastos xa que non afecta, salvo os 15 mil anteriormente citados, as diferentes aplicacións que integran o citado estado.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios, suplementos equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS.

Suplemento de crédito	15.000,00
Total altas de créditos	15.000,00

II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO.

Baixa de crédito	15.000,00
Total financiamento	15.000,00

Polo tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Así mesmo en relación aos créditos extraordinarios e suplementos de crédito, no expediente dáse tamén cumprimento ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte: *O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón. O devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducíbeis sen perturbación do respectivo servizo.*

II.- Exame do expediente

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión dun suplemento de crédito por importe de 15 miles de €, co obxecto de aumentar una subvención nominativa a favor da Fundación Hermanos Tenreiro, e dunha baixa de crédito por anulación polo mesmo importe para financiar o anterior.

Asemade tamén propónse a modificación do anexo de investimentos no sentido de destinar 700 miles de € do proxecto "expropiacións intermodal" a un proxecto que se denomine "adquisición de solo. Actuacións varias", dentro da mesma aplicación orzamentaria, e coa mesma fonte de financiamento, polo que non é propiamente unha modificación do orzamento de gastos en canto non afecta as aplicación orzamentarias do mesmo e só varia o anexo de investimentos.

Tamén propónse modificar o anexo de subvencións nominativas, xa que ademáis de aumentar en 15 miles de € a subvención a favor da Fundación Hermanos Tenreiro e que é a única que realmente supón unha modificación do estado de gastos, propónse :

- 1.- A supresión dunha subvención nominativa a favor do clube balobmano Coruña, por renuncia do clube, e por importe de 3 miles de €.
- 2.- Destinar os 3.000 € anteriores a unha nova subvención nominativa a Alberto Seoane Alcaraz, para contribuir ó financiamento dos gastos de preparación, clasificación e participación nos Xogos Paralímpicos de Río 2016.
- 3.- Modificar o obxecto da subvención nominativas prevista a favor do Club do Mar San Amaro, ampliando a actividade a fomentar a tenis de mesa, bádminton e fútbol sala.



Estas tres propostas de modificación afectan ó anexo de subvencións nominativas pero non o estado de gastos do propio orzamento o non suponer ninguna modificación da diferentes aplicación orzamentarias que integran o estado de gasto do orzamento municipal

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nen alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor. Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Non obstante, a tenor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, 25 de outubro de 2016.

O INTERVENTOR XERAL.



Secretaría General.

DICTAMEN DE LA COMISIÓN DE HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN CON EL CARÁCTER DE INFORMATIVA, CELEBRADA EL DÍA DOS DE NOVIEMBRE DE DOS MIL DIECISÉIS

Aprobación inicial del expediente M5/2016 de concesión de un suplemento de crédito, una baja por anulación de crédito, modificación de los Anexos de Inversiones y de Subvenciones nominativas del Presupuesto 2016

Aprobación inicial del expediente M5C/2016 de modificación del Anexo de subvenciones nominativas del presupuesto de 2016.

Con el voto a favor de Marea Atlántica, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Socialista y Mixto (BNG-AA), se propone al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

Propuesta de acuerdo:

1.- Aprobar la modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2016, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios y otras modificaciones del anexo de subvenciones nominativas que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado "Expediente M5C/2016. Modificaciones del Anexo de subvenciones nominativas".

2.- Facultar al Excmo. Sr. Alcalde para la adopción de los decretos que sean

DICTAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN CO CARÁCTER DE INFORMATIVA, REALIZADA O DÍA DOUS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Aprobación inicial do expediente M5/2016 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito, modificación dos Anexos de Investimentos e de Subvencións nominativas do Orzamento 2016

Aprobación inicial do expediente M5C/2016 de modificación do Anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2016.

Co voto a favor de Marea Atlántica, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Socialista e Mixto (BNG-AA), proponse ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Proposta de acordo:

1.- Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios e outras modificacións do anexo de subvencións nominativas que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M5C/2016. Modificacións do Anexo de subvencións nominativas".

2.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan





necesarios para dar efectividad a lo acordado.

A Coruña, 2 de noviembre de 2016.
El Secretario General del Pleno,

D. Manuel José Díaz Sánchez



necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, 2 de novembro de 2016.
O Secretario Xeral do Pleno,

D. Manuel José Díaz Sánchez



.....**Don Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña.

.....**Don Manuel José Díaz Sánchez**, Secretario General del Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña.

Aprobación inicial do expediente M5C/2016 de modificación do Anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2016.

Aprobación inicial del expediente M5C/2016 de modificación del Anexo de subvenciones nominativas del presupuesto de 2016.

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria realizada o día 7 de novembro de 2016, por unanimidade dos Grupos Municipais da Marea Atlántica (MA) (10 votos), do Partido Popular (PP) (10 votos), do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos) e do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA) (1 voto), adoptou o seguinte acordo:

CERTIFICO: Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 7 de noviembre de 2016, por unanimidad de los Grupos Municipales de la Marea Atlántica (MA) (10 votos), del Partido Popular (PP) (10 votos), del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos) y del Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas (BNG-AA) (1 voto), adoptó el siguiente acuerdo:

1.- Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios e outras modificacións do anexo de subvencións nominativas que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5C/2016. Modificacións do Anexo de subvencións nominativas”.

1.- Aprobar la modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2016, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios y otras modificaciones del anexo de subvenciones nominativas que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M5C/2016. Modificaciones del Anexo de subvenciones nominativas”.

2.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar

2.- Facultar al Excmo. Sr. Alcalde para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar



efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 del Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais e a resultas do texto definitivo da Acta.

A Coruña, 7 de novembro de 2016

Vº e Pr

A concelleira-delegada de
Facenda e Administración

efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 do Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las corporaciones locales y a resultas del texto definitivo del Acta.

A Coruña, 7 de noviembre de 2016

Vº Bº

La Concejala-Delegada de
Hacienda y Administración



AREA DE GOBIERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CODIGO DE PROYECTO	FINALIDAD ESPECÍFICA
CULTURA, DEPORTE Y CONOCIMIENTO	DEPORTE	MODIFICACIÓN DEL ANEXO DE TRANSFERENCIAS. MODIFICACIÓN DE LA FINALIDAD	50.341.489.50	Convenios nominativos	0,00		Modificación del objeto del convenio con el Club del Mar de San Amaro, CIF G15057870, por importe de 15.000€. Se sustituye la finalidad "Fomento de las actividades de submarinismo y pesca submarina" por la siguiente: "Fomento de las actividades de submarinismo, pesca, tenis de mesa, bádminton y fútbol sala"
CULTURA, DEPORTE Y CONOCIMIENTO	DEPORTE	MODIFICACIÓN DEL ANEXO DE TRANSFERENCIAS. NUEVO CONVENIO	50.341.489.50	Convenios nominativos	3.000,00		Nuevo convenio con Alberto Seoane Alcaraz, con NIF 47374547K, para "Contribuir a la financiación de los gastos de preparación, clasificación y participación en los Juegos Paralímpicos de Río 2016"
CULTURA, DEPORTE Y CONOCIMIENTO	DEPORTE	MODIFICACIÓN DEL ANEXO DE TRANSFERENCIAS. SUPRESIÓN DE CONVENIO	50.341.489.50	Convenios nominativos	-3.000,00		Supresión del Convenio con el Club balonmano Coruña, CIF G15108780, para "Fomentar las escuelas deportivas de balonmano femenino", por renuncia del Club a la firma del convenio

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación inicial do expediente M5C/2016 modificativo do orzamento 2016

ANUNCIO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 7 de novembro de 2016, aprobou inicialmente o expediente M5C/2016 de modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento xeral de 2016.

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 7 de novembro de 2016.

Director de Economía, Facenda e Administración

Eduardo Mera Rico

2016/9261



Servicio de Interior
Departamento de Asuntos Generales
Unidad de Registro e Información

D. MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, OFICIAL MAYOR DEL EXCELENTÍSIMO
AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO:

Que la Coordinadora de Registros, María Rivas López, con fecha 7 de diciembre de 2016 emitió el informe que se transcribe literalmente:

“El día 9 de noviembre de 2016 se publicó en el BOP nº 212, el anuncio de aprobación inicial del expediente MSC/2016 de modificación del anexo de subvenciones nominativas del presupuesto general de 2016.

Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 11 de noviembre hasta la fecha, no figura presentada alegación alguna a dicha aprobación inicial.”

Y para que conste y surta efectos consiguientes, expido la presente de orden y con el visto bueno del Sr. Alcalde a 7 de diciembre de 2016.

Vº. Bº.
El Alcalde
PD,

Claudia Delso Carreira





Informe-proposta:

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2016, aprobou inicialmente o expediente M5C/2016 de modificación do anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016.

Exposto ao público o expediente, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 212, que se produciu en data 9 de novembro de 2016, non consta que se presentou reclamación algunha contra el, segundo certificación do Oficial Maior do Excmo. Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, propónse a adopción do seguinte DECRETO:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M5C/2016 de modificación do anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

A Coruña, 7 de decembro de 2016

Xefa de Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos,

Belén Blanco de Azpiazu



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

**Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos**
Aprobación definitiva M5C/2016

Anotada en el Libro de Resoluciones
de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/6631/2016
09/12/2016
El Oficial Mayor
P.O.

DECRETO

Á vista do informe proposta emitido polo Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos en data 7 de decembro de 2016 e en virtude das atribucións ao meu cargo conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVÍN:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M5C/2016 de modificación do anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2016 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Alcaldía-Presidencia da cidade da Coruña, a 7 de decembro de 2016

O Alcalde,

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva dos expedientes M4/2016, M5A/2016, M5C/2016 e M6/2016, modificativos do orzamento de 2016

ANUNCIO

Asunto: aprobación definitiva expedientes M4/2016, M5A/2016, M5C/2016 e M6/2016

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 7 de novembro de 2016, aprobou inicialmente o expediente M4/2016 de concesión de créditos extraordinarios, recoñecemento extraxudicial de obrigas e modificación do anexo de Investimentos do orzamento 2016.

Así mesmo, o Excmo. Concello Pleno, na devandita sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2016, aprobou inicialmente o expediente M5A/2016 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificacións do anexo de subvencións nominativas dentro do orzamento de 2016.

Na mesma sesión ordinaria do 7 de novembro de 2016, o Excmo. Concello Pleno aprobou inicialmente o expediente M5C/2016 de modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2016.

Así mesmo, o Excmo. Concello Pleno, na devandita sesión ordinaria do 7 de novembro de 2016, aprobou inicialmente o expediente M6/2016 de concesión dun crédito extraordinario e unha baixa por anulación de crédito dentro do orzamento de 2016.

Os expedientes citados foron sometidos a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante sendos anuncios publicados no BOP número 212, do 9 de novembro de 2016. Durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións contra deles, segundo resulta da certificación expedida polo Oficial Maior do Excmo. Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, mediante Decretos do Alcalde do 7 de decembro de 2016, adoptáronse os acordos de considerar definitivamente aprobados os expedientes M4/2016, M5A/2016, M5C/2016 e M6/2016, e publicar o orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes dos aludidos expedientes.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do orzamento, incorporando as modificacións dos devanditos expedientes M4/2016, M5A/2016, M5C/2016 e M6/2016:

Resumo por capítulos

ESTADO DE GASTOS

CAP.	INICIAL	ACTUAL	M4/2016	M5A/2016	M5C/2016	M6/2016	DEFINITIVO
1	62.157.943,05	63.147.685,72	0,00	0,00	0,00	0,00	63.147.685,72
2	105.837.883,22	109.255.763,63	402.296,86	-15.000,00	0,00	0,00	109.643.060,49
3	1.091.904,62	1.091.904,62	0,00	0,00	0,00	0,00	1.091.904,62
4	29.703.507,34	30.260.348,49	843.246,88	15.000,00	0,00	-1.238.984,78	29.879.610,59
5	100.000,00	100.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	100.000,00
6	31.580.802,84	43.533.524,84	39.844,68	0,00	0,00	0,00	43.573.369,52
7	4.644.912,26	18.188.131,76	0,00	0,00	0,00	0,00	18.188.131,76
8	40.001,00	302.593,66	0,00	0,00	0,00	1.238.984,78	1.541.578,44
9	9.343.045,67	9.343.045,67	0,00	0,00	0,00	0,00	9.343.045,67
	244.500.000,00	275.222.998,39	1.285.388,42	0,00	0,00	0,00	276.508.386,81

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 7 de decembro de 2016.

A concelleira de Facenda e Administración,

M.^a Eugenia Vieito Blanco

2016/10397